HORARIOS

Horario (do 16 de setembro ao 14 de xuño)
Luns: de 17.00 a 20.30 h.
De martes a venres: de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 h.
Sábados: de 10.30 a 14.00 h.

Horario de verán (do 15 de xuño ao 15 de setembro)
Luns: de 18.00 a 20.30 h.
De martes a venres: de 10.30 a 14.00 e de 18.00 a 20.30 h.
Sábados: de 10.30 a 14.00 h.

DATOS BIBLIOTECA

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL
XOSÉ NEIRA VILAS

Avenida Martínez Garrido, 21. 36205 Vigo
Teléfono: 986 267 759
E-mail: bpneiravilas@vigo.org
Blog: http://bpvigoneiravilas.blogspot.com
www.vigocultura.org

CONCELLO DE VIGO

Guía de servizos

Guía de servizos



Biblioteca
Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

OFRÉCESE

- Espazos infantil, xuvenil e adulto.
- Préstamo de libros, revistas, compactos de música, DVD, Blu-ray.
- Consulta de libros, revistas, xornais.
- Consulta de audiovisuais.
- Referencia e información.
- Catálogo informatizado.
- Acceso a internet.
- Actividades de promoción da lectura, cursos, charlas, etc.
- Actividades de formación de usuarios/as.

SERVIZO DE PRÉSTAMO

- Para poder levar libros, revistas, CD, DVD, etc. en préstamo así como para acceder a internet, é necesaria a inscrición previa como socio/a da biblioteca municipal, onde se entregará un carné acreditativo.
- Os datos persoais achegados son confidenciais e están protexidos polas normas legais correspondentes.
- Non esqueza que é imprescindible a presentación do carné da biblioteca para a realización de préstamos e para o acceso aos ordenadores.

PODE LEVAR EN PRÉSTAMO

É susceptible de préstamo toda a colección bibliográfica e audiovisual, excepto:

- As obras de consulta.
- O número vixente das revistas.
- Os xornais.

NÚMERO DE PRÉSTAMOS

- Ata 3 documentos, dos cales 1 poderá ser audiovisual.

DURACIÓN DO PRÉSTAMO

- 15 días para libros e 15 días para os audiovisuais.

E SE NON SE REMATA O LIBRO?

- O préstamo de libros poderase renovar por outros 15 días, a non ser que outro/a lector/a fixese reserva do exemplar.
- A prórroga tamén se pode facer por teléfono ou e-mail, indicando sempre o número de asociado/a.
- As prórrogas non se aplican a materiais audiovisuais.

RESERVA DE LIBROS

- Na biblioteca pódense reservar ata dous libros, cando estes estean prestados a outro/a lector/a no momento da reserva.
- Cando o libro estea dispoñible, avisarase por telefóno ou e-mail, e poderase recoller na biblioteca. Lembre que só se gardará durante 2 días.

E SE NON SE CUMPREN OS PRAZOS?

- A demora na devolución dos libros leva consigo a suspensión temporal do préstamo, proporcional á demora e ao número de préstamos.

A BIBLIOTECA É DE TODOS/AS

As bibliotecas son espazos abertos para o encontro e a comunicación. Por iso cómpre o respecto e coidado dos libros e dos demais materiais por parte de todas as persoas usuarias. As normas de comportamento na biblioteca non permiten:

- Fumar.
- Facer fotografías, gravar ou rexistrar imaxes na biblioteca, por calquera medio ou recurso técnico, sen previa autorización.
- Usar teléfonos móbiles.
- Comer ou beber nas dependencias da biblioteca.
- O acceso de animais (agás cans guía).
- Calquera outra actividade ou conduta prexudicial para as persoas usuarias da biblioteca, ou dos bens que están nela.

A perda ou deterioro do material suporá repoñer o documento extraviado ou estragado, ou outro de similares características a proposta da biblioteca.

Biblioteca
Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo